

15 XUÑ. 2017

Entrada nº: 2816

Saída nº:

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN ao respecto da seguridade viaria e ordenación do tráfico na zona da Cruz de Pedra, Agros da Vila e Tarrío.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A condición dos camiños rurais do noso concello son absolutamente inaceptábeis. Abertos segundo o vento do momento, carecen de todas as características necesarias para ser consideradas vías de comunicación acordes co tempo que vivimos. Sen beirarrúas, son sempre unha aventura perigosa para quen as camiña, especialmente en días de mal tempo e horas de escuridade. A vexetación das bandas destes viais, que non preocupa nin moito nin pouco a este goberno municipal, abstraído, coma o anterior, só na cosmética do casco urbano, obriga a que os viandantes teñan que transitar pola parte da calzada "reservada" aos vehículos. Por non ter, estas vías rurais non teñen a máis mínima sinalización horizontal ou vertical que regule o tráfico e, a pesares das estreiteces que lle son propias, todas teñen dobre sentido, o que converte o tránsito a pé nun acto de valentía pragado de riscos.

É acuciante, xa que logo, a necesidade de deseñar e implantar plans que atendan e corrixan esta situación.

Sabedores de que as solucións totais non se van dar dun día para outro, este concelleiro pon hoxe en destaque a situación de perigosidade que se produce na zona da Cruz de Pedra e os Agros da Vila para as persoas e vehículos que, procedentes de varios lugares da parroquia de Santa Cruz de Lesón, van ou veñen ao centro urbano. A pronunciada pendente na zona da Cruz de Pedra, xunto coas características da vía xa citadas como comúns para os camiños rurais (angostura, falta de beirarrúas, maleza...), desembocan en situacións de perigo para o tránsito rodado que se move en ambas as dúas direccións e, dende logo, moi principalmente para quen fai ese camiño a pé.

Por todo o exposto este concelleiro, en representación do Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. **O Goberno Municipal establecerá a mellor condición de circulación en sentido único na área formada polos camiños municipais #297, #80 (e os #64 e #75, se for preciso) e desde a estrada AC-302 co fin de incrementar a seguridade viaria e peonil na mesma.**
2. **Unha vez regulado o tráfico nun único sentido da circulación dotará de beirarrúas ese tramo.**

A Pobra do Caramiñal, 29 de xuño de 2017



Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro do G. M. do BNG